

Despois insensitos,
Perxá, forxado grillos;
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres lóas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extingúese!
Eduardo PONDAL

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO Central B	FRANQUEO PAGADO
	Concesión No. 2032
	TARIFA REDUCIDA
	Concesión No. 2727

Año XXIX

★ BÓs AIRES, AGOSTO-SETEMBRO DE 1945 ★

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 441

A NOSA POSICION ANTE O GOBERNO GIRAL

Os deputados que integran o Consello de Galiza adheríronse oportunamente ao acto parlamentario que confirmou a don Diego Martínez Barrio na Presidencia provisional da República, e todos sabíamos que a reválida de tan outa maxistratura tiña por principal obxectivo a formación inmediata d'un Goberno capaz de representar no estranxeiro as arelas democráticas do povo hespañol en cadeas. Seríamos, pois, inconsecuentes e desasistados se non acatáramos ao Goberno estraterritorial que acaba de constituírse en México como representación lexitima do republicanismo hespañol. Claro está que o Goberno constituído por previsión do Sr. Martínez Barrio, en funcións de Presidente da República, necesita o aval das Cortes para que poida ostentar unha verdadeira autoridade; pero nós estamos seguros de que na próxima reunión de deputados en México non lle faltará ao Goberno Giral un afervorado voto de confianza, e, polo tanto, sería impolítico que nós agora lle regateásemos a nosa obrigada consideración. Por outra banda, o Goberno que preside o Sr. Giral foi creado para encher unha necesidade sentida por propios i estranos, e calisquera que fose a súa composición sempre contaría co noso respecto. Respetaríamos igualmente a outro calisquera Goberno do mesmo orixe que se formase no exilio para dirixir o movemento liberador de Hespaña.

Os homes deste Goberno teñen sido ministros en etapas anteriores, e non é concebible que iñoren a gravísima responsabilidade que agora contraen. Non hai no actual Goberno un soio nome sen hestoria, unha soia figura que non fose probada en lides anteriores, e por eso confiamos que saberán superarse no desempeño da nova i extraordinaria misión que se lles encomenda. Todos eles sufriron, como homes de Goberno ou como representantes diplomáticos, a doir de non poderen salvar a República, e agora contraen a obriga de rescatala, polo que nós decimos que pesa sobor das súas concencias unha enorme responsabilidade. Esa responsabilidade non pesa desta vez sobor de ningún político galego; pero tan casual circunstancia non os impide desexar que trunfen de tal maneira que moi axiña sexan recibidos con palmas na Hespaña xa liberada e que os seus nomes se vexan coroados polos resplandores da gloria. Non esqueçamos que o fracaso deste Goberno significaría un fracaso do republicanismo hespañol e que os galegos non deixaríamos de pagalo. Os galegos non tomamos parte na responsabilidade contraída polo actual Goberno nin compartiremos a gloria que probablemente lles espera; pero, eso si, pagaríamos o seu fracaso na mesma medida que o pagarían os demais povos hespañoles. Velahí porque o Goberno que preside o Sr. Giral non atopará ningunha oposición pola nosa parte, xa que nos vemos obrigados a desexar que non fracase. Este debe ser un Goberno de privilexio, porque fronte a él non pode orgaizarse ningunha oposición de tipo normal, xa que todos estamos intresados en axudalo para que trunfe. E por eso mesmo entendemos que a súa composición non é cabal respondendo como en realidade responde a estados anteriores da política hespañola, demasiado lonxanos para que

poidan coincidir coa opinión, abertamente innovadora, dos grupos democráticos orgaizados clandestinamente en Hespaña e dos mesmos grupos de desterrados.

Con todo respecto e sen outra intención que a de rexistrar algúns erros iniciais, que poden trascender ao resultado que o Goberno persigue, nós denunciámos que a tramitación da crisis foi conducida pola inercia de moi vellos costumes. Dígase o que se queira, non abonda contar cunha maioría nas Cortes —hoxe reducidas a un mínimun de deputados— engadíndolle ao Goberno de base parlamentaria algunhas persoalidades escollidas con notoria arbitrariedade. A representación política no povo hespañol remudouse tres veces nos cinco anos de vida legal republicana, e nas tres veces o povo manifestouse de modos ben diferentes, polo que non é cordo presumir que dispois de nove anos de silencio democrático forzado, a opinión hespañola se manteña estacionada. A soberanía popular soio se exerce directamente no día das eleccións, e d'ahí provén que o seu mandato teña unha vixencia limitada. Claro está que non discutimos, nin consentiríamos que se discutise, a legalidade das Cortes eleixidas en febreiro do ano 1936, posto que dende entón non se volveu a consultar a vontade dos hespañoles; pero para retraer a vixencia das Cortes a estados tan anteriores de opinión é preciso que a súa soberanía non sexa exercida con imprudencia. As Cortes e o Goberno que nelas se afincan teñen a obriga moral de esculcaren os novos estados de opinión e aboliren os turnos de antigüidade, dando validez a orgaismos políticos creados posteriormente e sacándolla aos que xa non teñen unha realidade apreciable. Ben está, por exemplo, a representación ministerial dos grupos parlamentarios de vascos e cataláns; pero dispois das eleccións do ano 1936 xurdeu o feito político de Galiza cunha puxanza extraordinaria, en todo comparable á de Cataluña i Euzcadi, e se o primeiro Goberno provisional da República tiña un representante de Galiza, con máis razón debía telo agora, cando as nosas arelas autonomistas están consagradas por un plebiscito popular e o Estatuto Galego tomou estado parlamentario. Negar ou desprezar este feito, pechando a representación do republicanismo hispano en círculos anacrónicos, non revela certamente unha gran agudeza política. Citado este exemplo, queremos advertir que un noventa por cento dos fuxitivos hespañoles quedaron encerrados na Franza, onde soportaron penalidades e sufrimentos inconcebibles, que lle dan dereito a intervir cun maior peso de representantes ministeriais, e, polo tanto, non é recomendable compoñer un Goberno que non poida ser ben recibido na Franza aínda que poidese entrar vitorioso en Hespaña.

Estes reparos non entranan unha falla de respecto para o Goberno que preside o Sr. Giral; pero nós quixéramos ofrendarlle, ademais, todas as axudas de que somos capaces, para que a súa obra fose a resultante d'unha responsabilidade xeral e d'un anxeio gozoso, sen egoísmos partidistas nin persoais. Quixéramos, en fin, que o Goberno Giral fose unha representación de todas as forzas democráticas hespañolas en vez de selo da maioría.

A GUERRA TERMIÑO

A pesadela que ensombrecu ao mundo durante seis anos, termiñou por fin co trunfo das armas democráticas.

Cando fai tres meses caía derrotada Alemaña, non era difícil imaxinar que pronto o Xapón correría a mesma sorte, anque nunca dun xeito tan fulminante. Pero as bombas atómicas e a

entrada de Rusia na contenda a favor dos aliados, precipitaron o derrumbe do Imperio do Sol Nacente. Os fanáticos xaponeses, a pesares do seu estoicismo, non puderon resistir os dous novos enemigos, sobre todo, as bombas atómicas. A arma infernal que reducía a polvo cidades enteiras, debeu de causar tal es-

panto nos diminutos homes amarelos, que o celeste emperador veuse obrigado a solicitar a paz, aceptando as condicións onerosas que lles impuxeron os vencedores.

A guerra termiñou, certamente. Pero a xustiza non loce aínda para todos os habitantes da terra. Hai povos que todavía xermen baixo a tiranía que os asoballa. Hespaña, para citar so-

Constitución da Irmandade Galega de Mendoza

DECLARACION DE PRINCIPIOS DA AITA DE FUNDACION

O Presidente irmán Cacheiro, dirixese aos presentes pra facer a seguinte declaración:

"Considero imperativo que cada un de nós faga no seo d'esta Xunta unha declaración sinxela do seu pensamento político, antes de asumirmos os nosos cárgos.

"Pola miña parte, declárovos que son galeguista afervorado, apasionado. debendo engadir, pra reforzar esta confesión —e facendo miñas as coñecidas verbas do noso gran Castelao— que si non son galeguista non son nada.

"Son galeguista, aceptando sin reservas todas as arelas do partido, incluso aquelas que parecen demasiado avanzadas aos pusilánimes e aos galegos coitadiños. Son galeguista cen por cen.

"Son democrático. Son anti-falanxista. Fanáticamente anti-feixista, anti-nazi. E son tan devotamente partidario da redención da nosa Patria que penso que na nosa organización debent ter cabida todos os galegos sinxelamente democráticos, sexa cal sexa o credo político que profesen, sempre que estén dispostos a bregar pola redención galega; con exclusión absoluta dos feixistas ou dos sospeitosos de selo.

"Son orgulloosamente galeguista. E penso que a nosa labora ten que deixar de ser puramente lírica, pra pasar a ser unha loita acordada coa a que están facendo os guerrilleiros na nosa Terra. E penso así, porque recordo constantemente aquelas outras verbas do ilustre Presidente do Consello de Galiza: "GALIZA SOIO MERECEIRA RESPETO CANDO ABANDONEMOS A NOSA MANSEDUMBRE; DISPOIS DE SABER O QUE FOMOS, O QUE DEIXAMOS DE SER E O QUE SERIAMOS CON VIDA INDEPENDENTE".

"Touca-vos agora a vós outros xuzgar a miña declaración e formular a vosa, si tendes a ben facelo".

Ouvidas estas verbas do irmán Cacheiro, os concurrentes danlle a súa aprobación, e o irmán Isidro Rodríguez Amoedo declara que fai a confesión política feita polo Presidente e firma que comparte totalmente os conceptos enunciados polo dito irmán, dos que participa coa mesma fé galeguista, democrática e anti-feixista.

O Presidente de Cataluña Señor Irla, sauda ao Consello de Galiza

A continuación publicamos o sinificativo telegrama do Presidente do Goberno catalán, recentemente constituído en París, dirixido ao Presidente do Consello de Galiza, don Alfonso R. Castela, que di así:

París, 16 de septiembre de 1945.

Alfonso Castela. — BUENOS AIRES.

Constituído Gobierno Cataluña, pláceme dirigirles cordial saludo. Ruego extienda Consejo de Galicia, expresando deseo acción conjunta, triunfo ideas nuestros pueblos.

Abrazos.

José Irla.

Mensaje del Presidente de la República

En el Centro Republicano Español y en respuesta al telegrama de salutación que envió al presidente de la República, en unión de otras entidades democráticas españolas, se ha recibido el siguiente mensaje:

"A TODOS LOS COMPATRIOTAS AFILIADOS A ESAS ENTIDADES ENVIO MI MAS CORDIAL SALUDO, ESPERANDO QUE NO ME FALTE LA COLABORACION DE ELLOS EN LA OBRA DE RECONQUISTA DE LA REPUBLICA Y LIBERACION DE LOS PUEBLOS ESPAÑOLES. ATENTAMENTE, DIEGO MARTINEZ BARRIO".

"Liberación de los pueblos españoles". Con este lenguaje do señor presidente da República, nos podemos entender perfectamente. Porque é un lenguaje claro i-e o que conven, ademais, n'estes tempos en que hai que facer xogo limpo. E ben que o vaian sabendo certos mentores trasnoitados.

mentos o que a nós interesa, continúa sufrindo o marteiro que escomenzou fai nove anos. Na nosa patria, o feixismo prosegue a súa obra destrutora, tratando de enganar ao mundo con verbas cínicas de liberdade. E mentras non haxa desaparecido esta vergonza, para nós a guerra non acabou aínda.

Menos mal que agora parece que se quere desfacer o entorto

que se cometeu con Hespaña, negándolle ao goberno lexitimo da República o dereito de mercar armas para defenderse do ataque totalitario; menos mal, repetimos, que agora as cousas van a ser doutra maneira, que si non fora así, máis valera que unha bomba atómica escachara a terra en millóns de anacos, que rodasen eternamente polo infindo.

DEBULLANDO... Homaxe a D. Claudio Fernandez

por MOUSES

O 17 de nadal fai xustamente catrocentos sesenta e dous anos, que o facho da liberdade galega foi violentamente apagado coa morte do Mariscal Pardo de Cela, pol-o bárbaro imperialismo castelán.

O 17 d'agosto, fixo nove anos que o gran patriota galego Alexandre Bóveda, gloria i esperanza do noso povo, foi cobardemente asesinado por ese mesmo espírito bárbaro e ceril, que xermolou na meseta cos malfadados reis Católicos.

En nome d'ausurios como "el idioma único" e a "España y grande", foron asesinaos milleiros de patriotas galegos, que matinaban honestamente nunha realidade cultural i económica pousada na liberdade do noso povo.

A bárbara represalia que o imperialismo castelán tomou contra o noso povo, danos a medida xusta de como prendeu o ideal d'indpendenza nazonal.

Lonxe, moi lonxe fica xa, a bucólica e inofensiva xeira dos xogos frorais. Moito ten que sufrir aínda o noso povo, e moi enérxicamente debe loitar, para comprir doadamente coa manda dos seus guieiros que deron o seu sangue pol-a liberdade da Patria.

Emporiso, que endexamais poderemos os galegos esquecer o sagrefizo dos nosos mártires, aleivosamente asesinaos polo idioma castelán e a bárbara intransixenza de Burgos.

E non é coa intención das boas intencións, que debemos honrar aos nosos mártires. O único xeito d'honralos é traballando arreo, sen claudicacións; diñificando todo o noso e moi especialmente o idioma, facendo del, o vehículo d'espreisión eiscrusivo de todas as nosas labours culturais e políticas; limpando o noso mundo galego, de molestas filtracións alleiras que en nada nos honran como galegos.

O Centro Orensano, prestixosa entidade da nosa colectividade, rendeulle un emocionado homaxe aos nosos mártires e no decorrer do patriótico acto, foi descuberto un magnífico busto en bronce, de Alexandre Bóveda, obra do escultor galego Domingo Maza.

Fixeron uso da verba neste acto de fondo significado patriótico, os señores Núñez Búa, Luis Guede, presidente da institución e Castelao.

A fina actriz e recitadora ga-

lega, Maruxa Boga e Fernando Iglesias, (Tacholas) locindo o traxe nazonal galego, recitaron composicións poéticas en homaxe do noso gran patriota, Alexandre Bóveda.

E diño de louvanza, a estraordinaria laboura galega que ven desenrolando este Centro, ao través dos seus numerosos e calificados actos e do seu periódico "El Orensano", a tal punto, de que hoxe é xustamente considerado, un dos máis significados guieiros da nosa colectividade.

Mais non é posíbel falar desta magnífica institución galega, das suas labours a prol da cultura e de diñificación da nosa Patria, sen asociar neste nobre facer, a múltiple, asisada e intelixente actividade moza de Enrique González, segredario de Cultura deste prestixoso Centro.

Tamén a Federación de Sociedades Galegas, rendeulle un patriótico homaxe ao noso mártir Alexandre Bóveda na sua sede da rua Chacabuco, descubrindo-se unha artística placa de bronce conmemorativa do noveno aniversario do seu fusilamento a mans do falanxismo hespañol.

Os discursos estiveron a cargo dos señores Tomás Fernández, Antón Alonso Pérez, segredario xeral da Federación i Edoardo Blanco Amor.

Cabe asinalar, que os actos patrióticos en lembranza dos nosos mártires realizados pol-a Federación de Sociedades Galegas e o Centro Orensano, foron dous actos d'affirmación nazonal galega e de fé no porvir da nosa Patria, máis para o futuro, en tan significativa data, temos que encamiñar os nosos esforzos acaron dun acto, que sexa a eispresión auténtica da colaboración e o patriotismo de toda a nosa colectividade.

Temos que afacernos a idea das cousas en grande, de xeito unitario, moi especialmente aquí os actos que teñen unha grande significación nazonal como seren: Os nosos mártires, Día de Galiza e Pardo de Cela, como asimesmo, honrar aos nosos grandes poetas: Rosalía, Curros e Pondal.

O 25 d'agosto, o Centro Orensano rendeulle un afervado homaxe ao seu ex presidente, don Claudio Fernández que consistiu nun banquete ao que asistiu unha estraordinaria e calificada

O ex-presidente do Centro Orensán, don Claudio Fernández, e un dos homes máis meritorios e benqueridos da nosa colectividade. Home de traballo arreo e de empresas mercantís de moita importancia, sempre atopou tempo, entusiasmos e forzas pra servir da millor maneira a sua terra nai. Na Sociedade da Carballreira, na Cultural de Nogueira de Ramuín, no Comité Orensán Leial, —que tanta e boa laboura fixo a prol da República Hespañola nos anos da guerra—, na Federación de Sociedades Galegas, no Centro Galego e, derradeiramente, no prestixoso e dinámico Centro Orensán que il axudou en primeiro termo a formar e do cal foi presidente nos seus primeiros catro anos de vida, en todas isas institucións desenrolou proveitosas e intelixentes accións de outa utilidade pra Galiza. E un patriota galego afervado, sempre disposto a

a formar nas fías da Irmandade Galega. E a sua axuda xenerosa



SE CLAUDIO FERNANDEZ

e ampla é unha das primeiras pra canta laboura galeguista se pon en camiño. E o mesmo que fai anos contribuía pra facer e soste escolas na terra nai, e dispois contribuiu pra axudas a causa republicán, hoxe axuda a

pintor galego Colmeiro, que constitúe unha xoia artística.

O homaxe foille ofrecido, nun conceituoso discurso, polo presidente do Centro Orensán señor Lois Guede. Logo fixo a louvanza de don Claudio nunha eloquente disertación feita no noso idioma galego o xoven arxentino, señor Enrique A. González. Seguidamente falou o presidente do Consello de Galiza, señor Alfonso R. Castelao, facendo resaltar os outos merecementos de don Claudio coma patriota galego. Todos íles foron afervadamente aprauidos. Na derradeira, ergueuse don Claudio Fernández pra eispresar o seu agradecemento en verbas moi axeitadas saídas sinxelamente do seu corazón, que lle valeron unha quente e prolongada ovación.

Na cabeceira da mesa, rodearon a don Claudio: o presidente do Consello da Galiza, señor Castelao; o presidente do Centro



Cabeceira da mesa na demostración a don Claudio Fernández

rendir os seus esforzos pra todo canto sexa servir a galeguidade, pra todo canto sexa servir aos intereses morais e materiais do povo galego. Tamén don Claudio e un dos nosos afervados irmáns; e un dos patriotas galegos que, cheos d'amor a Terra e cobizosos de servila, acodiron

concurrenza.

Se tivéramos que facer unha escolma dos merecementos deste home bon e xeneroso, chegaríamos a esta alentadoira síntese: é un bon galego.

A guerra finou. Finou coa rendición incondicional do Xapón. Fai catro meses caíu Alemaña. Caíu agora, logo de curta supervivencia, o seu aliado ocasional, o Xapón, que fixo unha guerra ao flanco da Europa e trabucouse igual que o seu compinche xermánico.

As dúas potencias, Alemaña e o Xapón, enxebremente militaristas e agresoras, mantiñan illadamente, acesos soños de domeación universal. Cada unha pol-a propia conta, degoraba o seu. Eran os poderes máis perigosos do noso tempo. O seu trunfo, non somentes imprecaba unha gravísima modificación do orde mundial eisistente, senón que supuña, unha ameaza dunha inmediata loita antre os rivais vencedores.

Felicamente coa rendición de Tokio, finou o espantoso pesadelo e hoxe a humanidade, ten diante de sí, a perspetiva dunha laboura de reconstrucción moral e material acaron dunha xeira de pas definitiva que decote foi o degoiro das xenuínas democracias

publicazón da NOSA TERRA, a edición do gran libro "Sempre en Galiza", de Castelao, i é un dos homes da Comisión da Facenda que resolve o problema económico do Consello de Galiza.

Iste é o home, dibuxado moi a lixeira, a quen lle foi rendido un gran homaxe na noite do 25 d'agosto derradeiro, orgaizado polo Centro Orensán que quixo así premiar a laboura magnífica do seu primeiro presidente.

O homaxe consistiu nun banquete que foi servido nos salóns do Centro Orensán, os cales foron demasiado pequenos i estreitos pra conter a concurrenza. Esí foi que, moitísimos ademiradores de don Claudio, ficaron sen poder conquistar asento. Coma recordo do aito, fixéronselle a don Claudio dous ousequios de outa significación e moito valor artístico: un album acugulado de firmas d'amigos e ademiradores, con catro páxinas contendo cada unha un dibuxo de catro prestixosos artistas galegos: Castelao, Colmeiro, Seoane e Maza; e un cadro co seu retrato a óleo que lle fixo o noso gran

Ourensán, señor Lois Guede; o deputado galego, señor Antón Alonso Ríos; os presidentes dos Centros Galego, Lucense e Pontevedrés, señores Manuel Otero, Xavier Vázquez Iglesias i Edoardo Díaz, o presidente da Irmandade Galega, señor Daniel Calza; do; o presidente da Cámara de Comerciantes Republicanos Españoles, señor Manuel Puente, e os señores A. Prol Fernández, Xosé Barreiro, Antón Rodríguez, Xesús Porto, Manoel Colmeiro, Rodolfo Prada, Domingo Maza, Manoel Silva, Xosé B. Abreira, Pedro Campos Couceiro, Xosé M. Cascallares, Perfeito López, Xosé M. Quintáns, Xervasio González, Francisco Fernández, Xesús Sinde, etc.

A NOSA TERRA honrouse facéndose representar no banquete, polo seu director, Sr. Regueira. Fólcase, ademais, en presentar as suas felicitacións as autoridades do Centro Orensán pol-a felis iniciativa do homaxe e polo éxito conquistado.

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

CASA SIERRA

Grandes Establecimientos Funerarios

Callao 255 — Fco. Lacroze 4168 — Rivadavia 6602
Córdoba 5375

TELEFONOS: (54) Darwin 7000 — 263 - 9000 y 1020
(38) Mayo 6056 — (63) Volta 7600

Sucursales en V. López, Olivos, Martínez y San Isidro (F.C.C.A.)
(CONCESIONARIOS DO CENTRO GALEGO)

O PENSAMENTO DOS NOSOS MARTIRES

EXEMPLOS

Da Nosa Servidumbre Económica e Tributaria

Por ALEXANDRE BOVEDA

(No Xullo do 1933)

Matadeiros, cooperativas, conservas, gando, transportes, millo, xiro dos emigrados. Eí sete elementos dun mesmo problema económico, dun dos máis fondos problemas económicos de Galicia, postos de manifesto, e algúns en aparente colisión, con motivo diste feito: tratados comerciais do Estado co Uruguai e coa Arxentina.

O problema en mans do Estado terá sempre unha solución perxudicial pra nós. Procurará non concertar importacións de millo, porque non se perxudique a Castela; non porá intrínseco en impedir as de carnes conxeladas, porque conveñen as grandes cidades, Barcelona e Madrid principalmente, inda que arruinen a nosa gandería; velará porque entre nos tratados a exportación de aceites e outros produtos non galegos. O problema dos nosos Matadeiros e dos transportes carísimos do noso gando seguirá namentras sin atender. De casualidade un produto noso, as conservas, en crisis porque o Estado non fai cumprir o tratado con Francia, será tido en conta, non pra compensar a Galicia, senón porque tamén producen conservas outros povos da Hespaña que o piden.

Resumen: a gandería galega privada de transportes racionais e baratos; de matadeiros que reduzan os gastos de farrocarril, eviten depreciacións e eliminen o encarecemento do produto polo intermediario; de millo e outros alimentos baratos, verase arruinada. Porque non poderá resistir a competencia das carnes que se importarán en beneficio de Cataluña, Castela e outros povos. Pero, ao mesmo tempo, seguiremos obrigados a consumir panos cataláns, trigos de Castela, ferros das Vascongadas, carbón de Asturias, etc., porque disfrutan da protección do arancel. O anverso e o reverso da medalla combínanse pra afundir a economía de Galicia.

Cando Galicia recobre o goberno da súa economía, o problema resolverase de maneira moi diferente, como corresponde en xusticia. Cos millóns que contribuímos sin razón á isas luxosas e innecesarias obras de ferrocarrís subterráneos faremos os nosos racionais e baratos, teremos millo barato porque concertaremos a súa ceiba

importación á troque das nosas conservas; istas poderán venderse sin trabas en Francia e outros Estados, porque nós mercaremos os seus produtos mellores e máis baratos, e dispoñemos en Inglaterra e outros países de bos mercados pra os nosos produtos naturais á cambio dos seus carbóns, dos seus produtos químicos e de maquinaria que nos compre pra que a nosa economía conquira o grado de industrialización que precisa pra disfrutar no concerto dos povos o rango a que polas súas condicións naturais ten dereito.

O Estado centralista endexamais fará ren por entender e preparar iste futuro a que debe camiñar a nosa economía.

Difírase que predico unha teoría de separatismo económico. Si. E a que recomendan os feitos e a eterna inxustiza con que somos tratados. Dos demais depende que aqueles se modifiquen e que a solidariedade actual se conserve. Pero a condición de que se nos concedan as compensacións á que a nosa Patria ten dereito. Si nós consumimos panos, ferros, carbóns e outros produtos encarecidos por mor do arancel, é xusto que os seus produtores consuman o noso gando e as nosas madeiras namentras o abandono en que nos ten o Estado non nos permite modificar a nosa economía ou dar máis baratos ises dous produtos.

Pasaron xa os tempos en que un hespañolismo absurdo alimentaba a nosa mansedume choromiqueira. Os mozos temos a santa obriga da rebeldía en defensa dos dereitos da nosa Patria.

Galicia necesita de unidade de acción pra conquistar a consideración e o respecto que se lle debe. O Estatuto será o primeiro paso diste camiño á seguir. Si estivese xa en vigor, sería a Xunta Galega quen eixixise iste respecto, e co-la estaría todo o noso povo. Sin il, a labourea illada dos diferentes señores galegos non poderá render toda a eficacia necesaria.

Urxe que o noso povo se poña en pé con unha dirección única pra reclamar con enerxía, pra eixixir, que se dé satisfacción aos seus dereitos.

FENESTRA

Nova Xeira Autonomista

Por VICTOR CASAS

(No Xullo do 1934)

Volta novamente e con caracteres cada día máis agudos a tomar forza a idea da necesidade que Galicia ten de acadar con urxencia a su autonomía.

Tiña de ser así. Xa vai sendo hora de que todos se convenzan de que esa idea enraizada fortemente nos que a profesamos nos é produto d'unha invención partidista. E, simplemente, unha necesidade angustiosa da nosa terra. O seu principal problema: A pedra angular de súa existencia. O único que fixemos os galeguistas foi, primeiro ollar esa realidade, e segundo espallala a todos os ventos co propósito patriótico de que froitificara na conciencia de todos os galegos.

Por ser unha realidade viva e lóxico que xurda sempre por riba de cantas invencións, oustáculo

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3º F.
U. T. 23 - 9081

los e persecucións se lle fagan. O tempo, que é o millor xuez, ten ao seu cárrego a misión de aventarlle todas as oposicións e desfacer os incontinentes, mais ou menos reais, que para evitar o seu desenvolvemento se lle teñen oposto. Os feitos proclaman hoxe, quizais con máis forza e verdade que nunca, que para Galicia non hai máis camiño de salvación que a autonomía como anverso e como reverso que de seguir sometida a este bárbaro sistema centralista, do que a República non soupo desprenderse a tempo, a nosa terra está condeada a levar unha vida misérrima e ameazada aínda de maiores perigos que poñen en trance difícil a súa existencia.

Día a día polos ringeiros d'este xornal desfilan en trágica película de longo metraje a angustia dos problemas que arestora preocupan a Galicia. Como se agravan por mor de incompreensión centralista e como se podían resolver coa autonomía.

Verdades como templos argumentan a consistencia de nosa defensa autonomista, que cada día é menos negada pois xa non queda en contra d'ela máis que unha oposición feita en comezo d'un hespañolismo estúpido que

máis que desgracias. Eso, que non ten gran importancia e n'un momento favorable pode ser desfeito, e como principal e único para Galicia non reportou nunca oustáculo serio a indiferencia con que ollan aínda a custión certas cantidades de galegos recelosos aos que, como en todas partes, os dirixe aquilo de "val máis malo coñecido que bón por coñecer". Criterio mequillo fácil de destruír en canto se lles fai unha exposición do problema, como ven acontecendo coas campañas galeguistas que en cada mitin ou conferencia recluta para as ringleiras autonomistas gran número de galegos até entón desconfiados ou desorientados.

O Partido Galeguista, ao reanudar agora a súa campaña de propaganda olla como existe en gran potencia un fondo e numeroso anseio autonomista no noso país. Y é o Partido Galeguista, o que cai á cabeza n'iste forte rexurdimento autonomista actual que implica ademais un republicanismo puro e verdadeiro do que até agora moitos republicanos non se tiñan decatado.

E como síntomas favorables e demostrativos o espírito autonomista sincero que anima ago-

COMENTARIO

A AUTONOMIA PARA GALICIA SIÑIFICA...

por JOHAN A. SUAREZ PICALLO

(No Xunio do 1936)

Que a nosa Terra sexa unha Patria libre que contribuíra ao acerbo común da Cultura e do Progreso no concerto dos demais povos do mundo, convertíndoa n'unha célula de universalidade...

Coa Autonomía, Galicia será dona dos seus destinos, e resolverá polo tanto os problemas e necesidades que hoxe nos teñen convertidos n'unha colonia de Madrid con senso e emoción netamente galegos e humanos...

O espírito inmorredoiro da nosa raza, esmagado e aldraxado por catro séculos de opresión centralista e castelanizante, xurdirá novamente como nos mellores tempos en que Galiza foi un foco de Progreso e Cultura, cando nas nosas escolas primarias e superiores se inscibían aos nenos galegos a amar a terra donde naceron, cousa que só ocorrerá cando nós coa Autonomía lexislemos as normas do ensino que terá de ser feito por mestres galegos ou de probada emoción galeguizante...

Unha Galicia autónoma, será un baluarte para República, e a máis segura arma para estirpar o caciquismo que nos fixo aparecer diante dos demais povos da península como seres atrasados, e que no estranxeiro o apelativo de galego fose considerado coma un aldraxe, sin ter en conta que Galicia contribuíu cecais máis que ningunha outra terra hispánica ao enriquecemento da cultura nacional.

Por todo elo ningún galego diño do pasado da nosa Terra, que desexa para mesma benestar, e queira contribuír a empresa de deixarlle aos seus fillos algo mellor que o que lle deixaron a el, seus pais, debe faltar o día 28 DE XUNIO DE 1936 aos seus deberes cívicos e de galego, votando na urna a papeleta que diga SI.

OS NOSOS MORTOS

Manuel Magariños Negreira

Por JOHAN CARBALLEIRA

(No ano 1934)

Na súa casa pairal de Negreira—terras de celmosas lonxanías agromadas de ceos nus, compañeiros de mans montañas—, entre un lusco e fuscado estival foise tamén pra sempre Manuel Magariños Negreira, fina alma moza, corazón xeneroso da xuventude galega de hoxe.

Morreu como decote vivira: mozo de corpo e de espírito, mergullado na paz fecunda e no silencio xerminal da súa morna campia nativa, sen tópicos do galta nen horaricos extranos. Manolo Magariños Negreira era unha alma roxa i entraiada, serea e acesa, sinxela e fina, musical, debuzada sobor dos camiños da Terra para ouvir a vibración da Eclimene.

Así viviu Magariños deica ista seitura ceda da Morte. Viviu "en si" e non, como tantos Adrians Solovios, "arre. dor de si"; sen vacilacións nen apostasías, ouvindo sempre a súa voz. sen sirenas que, o conturbasen. Il era do bata lón mozo que leva unha estrela na fronte e un cantar nos beizos, por onde Galiza enxerga espranzada o seu porvir. Da mesma estirpe, por segrel e maldadada, dos Louzada Diéguez, dos Amado Carballo, dos Manuel Antonio: homes de paixón, de angustia, de fe; a mas nus i "extra-vagantes", como quer Unamuno; flaxeladoras de todo filisteísmo, de toda preguiza, de todo hedonismo, de toda conformidade cómoda, moda, vicio e mimetismo. Espiritos cheos de sedes infindas que ao xeito de verdadeiros poetas—eu diría "hombres"—teñen unha segura norma

realista—realidade dos xentrosos—na sobreirreidade; (mais vale un paxaro voando que cento na man).

Iste morto de hoxe era un fino humorista da máis pura raíz galega—tenrura, sorriso, door—e un agudo escudador das cousas, dos feitos e das ideas galegas. A súa obra—fervorosa, sán, cunha atmósfera orballada na que se trasmuta a paisaxe nativa—queda espallada en distintas publicacións—"A Nosa Terra", "Nós", "El Pueblo Gallego", "Celtiga", de Buenos Aires—ademais de dúas noveas curtas da colección "Lar". N'ela pódense apreciar a beleza da forma, a finura do concepto e a modernidade do estilo—imagination, sobriedade, clima lírico de temperatura europea—, todo saferido nunha emoción humana e pan-teista, de cerne e dimensión galegas.

No exercicio activo da carreira de Dereito, prén, a súa angueira principal era o Arte, a Literatura e o seu fervor mais fondo e a súa arela a liberdade de Galiza. Se non puxo a súa intexencia e a súa vontade, trocadas en política activa, ao servizo de Terra, non foi máis que por motivos de saúde. Nunha carta do ano 32, que eu gardo, decíame:

"De política, non sei que decir. A local, como a de todas as vilas, asquame po'a súa estupidez. A nacional, apenas me interesa. A rexional, téñeme un pouco desconcertado. Endexamais pensei dedicarme á política por que a miña delicada saúde obrigame a levar unha vida de tranquilo retiro; pero sinto pena e congoxa de ver a nosa soñada Galiza entregada a un facto de egoístas... Con todo, o Partido Galeguista, se sigo loitando, faime enxergar para un próximo futuro a posibilidade de un día de victoria pra Galiza, e isto tranquilízame".

Magariños Negreira era un exemplar de mocidade—paixón, xenerosidade—e de virtude—lealdade, homía de ben, intelixencia. Eis a perda—nin mais nen menos—que agora temos de chorar os galegos.

NARCISO VIDAL (h)

AGENTE OFICIAL KODAK

- Películas
- Radiográficas
- Accesorios
- Rayos X

PASTEUR 768 Bs. AIRES

U. T. 47 - 4718

Na Diada dos Mártires Galegos O Centro Ourenseño Inaugurou Un Busto D-Alexandre Bóveda

Conferenza do irmán X. Núñez Búa. — Des cubremento solene do busto pol-o presidente do Consello de Galiza señor Castelao

¡Sempre o Centro Ourenseño aitando de devanceiro na nosa colectividade, no que atinxe a patriotismo galego! ¡Sempre o primeiro nas outras manifestacións de galeguidade! ¡Sempre marcándol viciros as demais entidades irmás!

Aí se lle debeu o grandeiro homaxe feito a Bóveda: o funeral cívico de fai tres anos. E coma complemento, quixo perpetuar a figura do esgrevio ourensán mártir n-un manífico busto en bronce, concebido e realizado polo distinto escultor galego, noso irmán Domingo Maza. Poñendo no traballo a súa extraordinaria sensibilidade, a súa gran técnica eo seu afevorado galeguismo, Maza logrou unha gran obra artística, que arrinca admiración.

Pra descubrir o dito busto, orgaizou o Centro Ourenseño un acto que se levou a cabo o Día dos Mártires Galegos: o 17 d-agosto en curso. O acto acadou moito lucimento e istivo moi concurrido. N-il alcontrouse amplamente representada a nosa colectividade, de a Montevideo, os irmáns vascos e catalás e os republicáns hespaníes de Bos Aires. Pola colectividade galega de Montevideo istiveron os señores Lois Luna, Xesús Canabal e López Maseda, directivos da Casa de Galicia do Uruguai; polo republicanismo hespañol o expresidente do Tribunal Supremo, don-

tor Mariano Gómez; o secretario do Centro Republicano Español, señor G. Balbís eo presidente da Cámara de Comerciantes Españoles Republicanos, señor Manuel Puente; polos irmáns vascos o Conselleiro do Goberno Vasco, Dr. Ramón Ma. de Aldasoro; polos irmáns catalás o vicepresidente do Parlamento Catalán, Dr. Manuel Serra Moret; pola colectividade galega de Bos Aires, persoeiros da Federación de Sociedades Galegas, dos Centros Lucense, Pontevedrés e Coruñés, da Casa de Galicia, do A. B. C., do Partido de Corubián, do Centro de Becerreá, da Sociedade de Saviñao, do Centro Anta de Ulla e Monterroso, da U. C. de Pol e Castro Rey, da Sociedade de Oleiros, do Centro Betanzos, da Asociación de Residentes de Mos, do Centro Villamarín-Perojano, Hogar de Rivadumia, e da Irmandade Galega. E coma representación máisima da Patria Galega istaba o Consello de Galicia co seu presidente, señor Alfonso R. Castelao e os Conselleiros deputados, Antón Alonso Ríos i Elpidio Villaverde.

CONFERENZA DE NUÑEZ BUA

O acto iniciouse co Hino Galego e logo seguiu unha conferencia que sobor da personalidade de Bóveda ditou o distinto galeguista, Dr. Xosé Núñez Búa. Da manífeza disertazón do irmán Núñez Búa, escolmamos istos párrafos:

"No abrente do día 17 de agosto do 1936 o chumbo dos fusiles asesíños apagaba a luz, acugulada de caridades, dos seus ollos, aqueles ollos que pensaban a súa visión do porvir da nosa Terra, furtivamente de pan pr'a boca e de pan pr'os espíritos. Porque era a súa a vida máis útil pra Galiza, foi a primeira inmolada á cobarda sangüenta que tragaba como lema o heroísmo, filla de un catóico mutiúdo, "¡Muera la inteligencia!"

Lémbrome que aquela mañán foi a verna á cadea, en Vigo, o meu compadreiro, o abogado Quexán, forzosamente incorporado á exército como elemento de cumprimento, e me díxo: "Hoxe fusiláron a Bóveda. Agora, ca súa morte, comeza a súa inmortalidade". Así foi. Así é. Xa o vedes. Moitos de vós nin sabades o seu nome. Agora, no como de vós, como no cerne do peito de milloiros e milloiros de galegos, vive unha chama de amor, un aze de devoción, unha labarada inmorredora pr'a súa memoria. Enriba da conciencia galega egúese un dolmen á lembranza de Alexandre Bóveda.

"Horas donantes de seu martirio díxo: "Fago máis por Galiza ca milia morte que canto poidera facer ca miña vida, porque adiante en vinte anos a manunición da nosa Terra". Cúmprase n-il a verdade das verbas do panexirista cristán, verbas eternas, que ton desanove séculos de historia: están alnda egúetas, en pé, sé. "Do sangue dos mártires nacen os creentes".

"Bóveda estudou, carreira mercantil. O's 16 anos daba crases de matemáticas no cexleio dos Vilares, dons himáns, un d'elles, Don Amador, poeta, instruído na formación espiritual de unha mancha de rapaces. O's 19 anos tois a Madrid a facer oposicións de cor. po técnico de Capacidade do Estado. Eran 150 as prazas, 2000 es aspirantes. El era fillo dun carpinteiro. Nón tiña padrís. Saín aprobado co número 1. Tíña dereito a cupar unha das prazas valdeiras na Dire. Xeral de Facenda de Madrid. Escolleu unha na De'gación de Facenda de Pontevedra. Porque il aspiraba máis que a facer unaba briñute carreira burocrática. A súa arela ideal era ser útil a súa Terra".

"En Pontevedra, onde o sempregado de Facenda era aserzidos enchu. fados por Besada en Bengallí, que pasaban as horas de oficina léndo o xornal.

O irmán Núñez Búa foi longamente apraudido e afevoadamente felicitado pola súa maxistral conferencia.

DESCUBREMENTO DO BUSTO

A solene cirimonia de descubrir o busto fíxose na sala da presidencia do Centro Ourenseño, comementemente preparada ao efuto. O busto repousaba sobor d'un pedestal adornado cos coores da bandeira galega e servíalle de fondo un gran lenzo coa reprodución dunha das estampas da "Galiza Mártir", de Castelao, a estampa tidoadá: "A derradeira leición do mestre", na cal, o noso gran Castelao, fixou a súa visión espiritual do



O busto de Bóveda inaugurado no Centro Ourenseño

sen contabilizar dende facía tres ou catro anos, era unha cousa asociada. Ali, en Pontevedra, fíxose amigo de Castelao, de Louzada, de Iglesias Vialle, dos galeguistas... E comezou a traballar en cuestións relacionadas ca economía fiscal de Galicia".

"Pero chegou a República. Abrúcese unha esperanza e redención política de Galicia. Entón formamos o Partido Galeguista. Deríxe a primeira Asambleira. Bóveda foi o Segretario de Organización, e púxose a traballar c-un aco, con un pulo, c-unha sabencia, con un afevoadamento que a todos nos acirrababa que puña espasos na nosa espellimenta. A carón d'il non había gullaga que se tivese en pé... Bóveda dí que fagas tal cosa, Bóveda avía dato a tal hora, Bóveda dí que o domingo té que falar en tal mitin. Bóveda dí que escribas un artigo sobor tal tema...".

"¡A que hora te deitas?, preguntéil unha vez.

"¡E'aba amodiño. Contábanse as silabas das suas verbas. Un domingo,

corpo griorioso de Bóveda derrubado polos chumbos asesíños.

Elí, o presidente do Centro Ourenseño, señor Lois Guede, pronunciou en galego unhas afevoadas verbas. Antre outros concetos díxo que "os bárbaros asesíños pensaron que matando a Bóveda, acaban tamén coa ansia de liberdade e de xustiza do povo galego, por esquecéndose de que o seu sangue sería semente fecunda que se espallaría pola nosa Terra impedindo que o seu sagrifizo ficase esquecido". Terminou dicendo que, "atopándose presente quen, coma naide ten dereito a facelo, o grande amigo, o erande irmán

DIADA DOS Nossos Mártires

A Federación de Sociedades Galegas Lembrou o Mártir Galego Alexandre Bóveda

Coa presenza de unha numerosa concurrencia, recordouse na Federación o sagrificio do mártir das liberdades da nosa Patria, o inesquecible irmán, Alexandre Bóveda. O aito consisteu na colocación d'unha placa de bronce, con lenda alusiva a conmemoración, na súa de sesións da dita entidade.

Fíxeron uso da verba, en primeiro termo, o Secretario Xeral, Antón Alonso, en forma axeitada, e encadrada no aito que se celebraba, fixando a posición da Federación, con respecto a os problemas galegos e a súa loita permanente pola autonomía de Galicia. A istas palabras que publicamos máis adiante, seguiron as de Tomé Fernández, ditas en castelán, a propósito para desentonar do aito que se estaba desenrolando, e con acento da Alcarria, que magoaba os ouvidos da concurrencia. Despois, falou Blanco Amor en galego; sería un bon discurso se fose máis obxectivo; porque en aitos desta natureza e de moi mal gosto espetamos vinte minutos de prosa rococó pra falar moito de cousas que non viñan o caso, e pouco e superficialmente, do mártir que se estaba homaxeando. Entendemos que a Xunta Executiva debería tomar cartas en asuntos de tanta importancia e non deixar que xentes desaprensivas fagan e digan o que queiran a espaldas das declaracións que éla fai en col dos problemas da Federación e da interpretación da súa Carta Orgánica. Xa non é a primeira vez que esto ocorre, e compre que a Xunta fiscalice con atención o que fan certas seicións da Federación.

A este acto concurriron, especialmente invitadas, nutridas delegacións de institucións fratermas. O Consello de Galiza, que estivo representado polo seu presidente, don Alfonso R. Castelao, enviou unha ofrenda floral, terminando o aito coa interpretación d'uns números de música clásica. Salvando os detalles que poideron evitarse e que deixamos consignados, foi un aito sinxelo emotivo.

de Bóveda, a personalidade galega máis outa distes tempos, o presidente do Consello de Galicia, señor Castelao, a il lle rogaba que, a nome do Centro Ourenseño, procedese a descubrir o busto do gran mártir galego".

Fondamente emozado, cos ollos anegados en bágoas, o noso irmán maior, o noso esgrevio guiero señor Alfonso R. Castelao, díxo verbas lumbiosas. Díxo do gran valero que no galeguismo e na patria galega deixou Bóveda o rendir a Galiza o sagrifizo da súa vida grioriosa; díxo de comz, homes do xeito de Bóveda, soio afroraron moi de tarde en tarde nos povos. Lembrou as virtudes eos outos méritos de Bóveda e das tarefas que xuntos realizaron a prol do erguemento da personalidade da Galiza. E díxo coma Bóveda, o morrer seguí cumprindo unha estraordinaria misión patriótica, pois que hoxe o seu espírito continúa traballando pola liberdade da nosa Terra. Con Bóveda lembrou a todos os mártires galegos, que con il cairon vítimas do reucionarismo

mililar-falanxista hespañol... Lembrou a Miñones, a Quintanilla, a Anxel Casal, a Víctor Casas a Johan Antón Suárez Picallo, a Carballeira, a Bilbatúa, a Pozas... O curazón de Castelao istaba acugulado de dooz que esbaraba fervendo pol-as suas verbas... Os ouvintes tíñamos o curazón fendido. A emozón chegou en todos o cume, no intre en que Castelao puxo o descuberto o busto de Bóveda. A nobre testa do gran mártir, coa súa manífeza espresión de serenidade e de rexa fé, ficaba elí alumante e gleira...

Maruxa Boga e Fernando Iglesias, traxeados coa nosa vestimenta tradicional, puxeron toda súa alma d'artistas e de afevoados galeguistas no dicir d'uns versos dedicados a Bóveda polos poetas galegos Florencio Delgado Gurriarán i Emilio Pita. Co elo e unhas verbas alencidadas do segretario cultural do Centro Ourenseño, señor Enrique A. González, pecouse tan siníficativo acto que ficará imborrabel no recordo dos que n-il istivemos

triaz; de a obriga de seguir o ritmo de súa vida nazonal. N'este senso a Federación pode garbase de marcar rumbos; pois, desde a súa fundación, até o presente a nosa entidade seguiu co máisimo interés o desenrolo da vida galega: As súas ansias, as súas ledicias e os seus doores. A Federación estivo presente en Nebra, en Sofan, en Guíllarei; nas loitas cívicas e patrióticas da campaña do plebiscito de Estatuto; nas horas doozas da traición falanxista; na axuda os perseguidos; na loita contra o réxime falanxista; e está, e estará presente na reivindicazón dos dereitos de Galicia a rexirae libremente, dentro do futuro Estado ibérico; a Federación loitará co entusiasmo máis afevoad polo os dereitos de Galicia. Porque, sería, señores, unha traición e un sarcasmo da nosa parte, que honráramos o mártir que dou a vida por estos dereitos e por estos ideais, que deben ser os de todos os galegos, e por outra, que fíxéramos caso omiso do seu sacro e patriótico ideario político. E un deber ineludible loitar polo ideario do mártir que hoxe honramos co gallo do 9º aniversario do seu holocausto.

Baixou o telón do tremendo drama que por espacio de 6 anos angustiou o mundo, desencadeado pol-as forzas tenebrosas latentes no fondo das sociedades humanas. O prólogo desenrolouse na nosa terra; o epílogo ten que suceder alí tamén. Cándoo Pronto se levantará de novo o telón e o saberemos. Nou dubidamos un soio intre en que "os tempos son chegados". Señores: Honremos a os nos

Señoras e Señores: A Federación de Sociedades Galegas, recorda hoxe, con este sinxelo homaxe, o martirio d'un dos fillos máis ilustres da nosa Terra: Alexandre Bóveda, mar-

Antón Alonso, Secretario Xeral da Federación de Sociedades Galegas

trizado pol-as forzas políticas retrógradas, bárbaras e crudes, que afortunadamente, están sendo esmagadas, polo heroísmo dos homes libres do mundo. Con

de Bóveda, a personalidade galega máis outa distes tempos, o presidente do Consello de Galicia, señor Castelao, a il lle rogaba que, a nome do Centro Ourenseño, procedese a descubrir o busto do gran mártir galego".

Fondamente emozado, cos ollos anegados en bágoas, o noso irmán maior, o noso esgrevio guiero señor Alfonso R. Castelao, díxo verbas lumbiosas. Díxo do gran valero que no galeguismo e na patria galega deixou Bóveda o rendir a Galiza o sagrifizo da súa vida grioriosa; díxo de comz, homes do xeito de Bóveda, soio afroraron moi de tarde en tarde nos povos. Lembrou as virtudes eos outos méritos de Bóveda e das tarefas que xuntos realizaron a prol do erguemento da personalidade da Galiza. E díxo coma Bóveda, o morrer seguí cumprindo unha estraordinaria misión patriótica, pois que hoxe o seu espírito continúa traballando pola liberdade da nosa Terra. Con Bóveda lembrou a todos os mártires galegos, que con il cairon vítimas do reucionarismo

mililar-falanxista hespañol... Lembrou a Miñones, a Quintanilla, a Anxel Casal, a Víctor Casas a Johan Antón Suárez Picallo, a Carballeira, a Bilbatúa, a Pozas... O curazón de Castelao istaba acugulado de dooz que esbaraba fervendo pol-as suas verbas... Os ouvintes tíñamos o curazón fendido. A emozón chegou en todos o cume, no intre en que Castelao puxo o descuberto o busto de Bóveda. A nobre testa do gran mártir, coa súa manífeza espresión de serenidade e de rexa fé, ficaba elí alumante e gleira...

Maruxa Boga e Fernando Iglesias, traxeados coa nosa vestimenta tradicional, puxeron toda súa alma d'artistas e de afevoados galeguistas no dicir d'uns versos dedicados a Bóveda polos poetas galegos Florencio Delgado Gurriarán i Emilio Pita. Co elo e unhas verbas alencidadas do segretario cultural do Centro Ourenseño, señor Enrique A. González, pecouse tan siníficativo acto que ficará imborrabel no recordo dos que n-il istivemos



Intre da inauguración da placa recordatoria na Federación

VERBAS DO SECRETARIO XERAL DA FED. DE SOCIEDADES GALEGAS, SEÑOR ALONSO

Señoras e Señores:

A Federación de Sociedades Galegas, recorda hoxe, con este sinxelo homaxe, o martirio d'un dos fillos máis ilustres da nosa Terra: Alexandre Bóveda, mar-



Antón Alonso, Secretario Xeral da Federación de Sociedades Galegas

trizado pol-as forzas políticas retrógradas, bárbaras e crudes, que afortunadamente, están sendo esmagadas, polo heroísmo dos homes libres do mundo. Con

A DATA DOS Nossos MARTIRES ¡17 d-Agosto!

O 17 d-agosto do 1936 foi afusilado en Pontevedra, polo os reucionarios hespaníes, —militares, falanxistas, nazionalistas, franquistas,— o esgrevio patriota galego Alexandre Bóveda. Esa data ficou, por consenso xeral do povo galego no exilio, coma Día dos Mártires Galegos.

N-isa data, pois, lembramos i esaltamos xuntamente con Bóveda aos milloiros de bós e xenerosos fillos da Galiza: mestres, obreiros, labregos, marifeiros, médicos, advogados, comerciantes, industriais, xornalistas, artistas... que cairon derrubados polo os mesmos chumbos da reación hespañola, que foron masacrados na orzía de fogo e de sangue que desencadeou sobor da Galiza a barbaría do totalitarismo hespañol pra afogar e punir os lexítimos ances d-autonomía, de liberdade e de democracia do seu povo.

Tamén n-ista data, —Día dos Mártires Galegos,— lembramos e veneramos a todos os mártires galegos do Pa-

sado, a todos os que, no percorrer dos tempos, cairon na defendemento do chan patrio ou da súa liberdade: os leandeiros héroes da cidad galega Cinnania, e os do Monte Medulio; Prisciliano e os seus discípulos; os que se opuxeron as invasión dos xermáns, árabes e normandos; os que cairon nas loitas dos Irmandiños; Pardo de Cela e o seu fillo; os héroes da Ponte Sampaio; os fusilados en Carral; os asesíados en Ousera, en Sofrán i en Guíllarei...

A Patria Galega xa tén un longo e brillante Martiroloxo. ¡Ringleira doozora de mártires que doaron o seu sangue ca súa vida polo os sagros principios do povo galego: Patria, Liberdade, Democracia.

A todos illos os saudamos hoxe co berro sagro saído dende o fondo do noso requentado corazón galeguista:

¡TERRA A NOSA!

¡GALIZA CEIBE!

Van a unha cita acudindo
somas, que non son misterios
e, con traballo, van vindo,
cal si viñeran fuzindo
das tébras dos cimiterios.

(Unha suera contraseña
o agro galego conmove:
¡Galiza ceibe!... ¡Quén teña
algo a greixil vir, e veña
por ben común, que o comprabe!)

A soma que fala, tén
o corpo espido encolleito,
un buraco en cada sen
e seis máis, que se lle ven
no lado esquerdo do peito.

Mil somas d-outros coitados,
(mátritos por promo ou ferro)
por cen vieiros congregados,
escocian entusiasmados,
fúnen seu berro a aquel terra:

Galiza ceibe!!!... Entolada,
outra somina, que ten
sua tenra voz apagada,
pida, pra terra aldracada
pronta pas, fatura e ben!

¡Aumentá: Tres soles vin
caer c-un promo homicida...
¡Fillos meus!... A os tres ouzín:
¡GALIZA CEIBE!!!... E morrín
horrorizada da Vida...
XESUS CALVINO DE CASTRO

os mártires e teñamos fé no
venturoso por vir da nosa Pa-
tria!

¡Os Filliños de Bóveda!



Lois, Alexandrino, Amalia, Helina e, o máis pequerrecho. Xosé Lois que foi nado pouco despois da morte do seu griorioso pai, que hoxe é o ¡Gran Mártir da Galiza!

Veliquí unha estampa doozora, Doozora, a pesares da dozura que amotra ise fato de nenos que aínda non teñen conciencia da súa orfandade nin da traxedia que illos arrincou a seu pai... ¡Son os filliños de Alexandre Bóveda!, o afevoad patriota galego afusilado en Pontevedra o 17 d-agosto do 1936 polo os militares e falanxistas. ¡Afusilado por defender a Galiza ea República!

¡Son os fillos de Bóveda! que, coa inocenza das suas faces infantís, constituíen a máis formidable condenazón dos que mataron a seu pai i encheron de sangue a terra sagra da Galiza.

DO PRESIDENTE DO CONSELLO DE GALIZA DUAS VERBAS NO CABO DE ANO DE ALEXANDRO BOVEDA

De nada importa que Galiza teña un espírito inmorrente e unha vida sen fin, como a dos deuses antigos, e que o tal espírito estea encarnado en terra de tan prolixiosa fermosura como é a nosa, que ben semella ser o mesmo Paradiso. Porque antramentras ese espírito, esa vida i ese corpo non teñan liberdade, Galiza será desventurada. Asim mesmo, pou co importaría que Galiza fose, xeográfica i hestóricamente, un feito nacional indiscutible, si lle faltase a vontade de ser i existir, o aneio de exteriorizar o seu espírito en forma de leises públicas, de arte, de cultura, de lingua, de civilización... Pero ao cabo de cinco séculos de cadea, Galiza recobrou esa vontade de ser i existir, gracias a tres homes estraordinarios e tan achegados a nós que aínda non tiveron tempo de pasar á historia erudita do noso país. Eses homes chamáronse Antón Falardo, alma de revolución galega de 1846, Alfredo Brañas, creador da doutrina política do galeguismo en 1889 e Alexandre Bóveda, o home disposto a realizar soños que parecían imposibles e que foi asesinado para que non se realizaran, o prototipo da cidadanía galega e mártir da liberdade, a estrela máis fulgente das nosas esperanzas.

Antón Falardo foi un intre que repercuten fondo, pero non foi unha vida de sacrificios. Alfredo Brañas foi unha vida gozosa de creacións artísticas e doutrinarias, que chegou a nós como un camiño a seguir. Alexandre Bóveda é o morto que dará vida eterna a Galiza, porque co seu martirio abreu pra sempre a vontade do noso povo, o aneio de ser i existir da nosa nación.

CASTELAO.

Morte de Alexandre Bóveda

Morte fría, morte moura,
trunfo da negrura mesta,
sea morte irna do crime,
tristeza, entranza de ferz;
ten cortexo do borreiros
tróuxonos a noite preta!
¡Por qué murchache'a flor
da esperanza da nosa Terra?
Borreiros, ¡por que fixestes
cruel satura de uxeiras.
¡Por que mataste-la luz
que alumaba as conciencia?
¡Oh!, fillos da escuridade,
¡por que deixastes toleita
das liberdades a anada
baril, vixosa promesa
para a Galiza, incedente
dun'edo porvir de gloria?
¡Por que, de novo, a cinguicheas
da escraviti coa cadeira?

Morte fera, morte moura,
trunfo da negrura mesta;
ten cortexo do borreiros
tróuxonos a noite preta!

Irmán Alexandre Bóveda,
abrente da nosa Terra:
túa luz danaba as mentidas
dos cabiros da mouroza;
¡falo ben, feridore
do mal que debece trobas!
a túa verba apovugaba
á tiranía noxenta;
espello de caridades
era a túa vida ergueita,
círculo mestre de condutas,
escintilo de nobreza,
Fidel amante da Patria
tíñas, de cota, pra ela,
nos veizes froz de sorrisas
na testa o sol das ideais;
no corazón agarimo;
no peito unha ardente arela,
aneio de defendela,
e por eso te mataron
es que andada desexan,
cobizan, escravizala
e de seu mal se gozantan.
Morte fría, morte moura,



ALEXANDRE BOVEDA

O Mártir das Liberdades Galegas,
Sacrificando polo o Feixismo

trunfo da negrura mesta,
que mergulache nas somas,
—¡mañán, de Agosto tristeira—;
a aquel que foi todo ben,
todo barileza esgrevia.

Irmán Alexandre Bóveda,
abrente da nosa Terra;
dérónche alveiros morte,
Galiza ficou maltrista
mala, a luz da súa lembranza,
ten de ser fogueira eterna;
da tua verba a semente
xermolará nas conciencia;
círculo mestre de condutas,
escintilo de nobreza,
o espello de caridades,
que fora a túa vida ergueita,
para os bós e xenerosos
Será, de cote, bandeira
¡Irmán Alexandre Bóveda
abrente da nosa Terra!

F. DELGADO GURRIARÁN

A Parroquia Galega como Núcleo Social

Lema: DEUS FRATRESQUE GALLAETIAE

OUTO, bó mozo, apaixonado, cos ollos cheos de inquedanzas, a mar fraterna e a corazón sempre en Galiza, tal se mostra o noso que-rido irmán, Xosé Vázquez. Dende moi novo escomezou a andar polo mundo. Emigrado en Cuba aínda neno, incorporouse de seguida ao movemento galeguista, sendo segredario da Xuntanza Nacionalista Galega da Habana e colaborando na revista "Terra Galega" da dita capital. De volta en Galiza, prosiguen a loita en defensa dos seus ideais na súa comarca natal, organizando sociedades gremiais e políticas e facendo propaganda galeguista no diario "El Pueblo Gallego", de Vigo.

Mestre concencte e verdadeiro pedagogo, levou a escola a nosa lingua, chegando deste xeito até o fondo da alma dos rapaces. Foi logo honrado coa máis outa distinción que un pode recibir dos seus conveciños, foi elixido alcalde do seu povo, de Teo.

E este cárrago ocupaba cando se produxo a traxedia que ensanguentou a nosa terra. Salvado de milagre, atópase dende entón en Bós Aires, onde sigue a súa limpa i entusiasta traxectoria, que non facemos resaltar, porque de todos é coñecida e que a nós toca tan de cerca pola súa brillante situación como segredario xeral da "Irmandade" e constante colaborador de "A NOSA TERRA".

Respondendo a fonda estimación que por él sentimos e comprindo a promesa que fixemos no número anterior aos nosos lectores, temos o agrado de publicar o seu magnífico traballo, titulado "A Parroquia Galega", que mereceu o premio do Consello de Galiza nos xogos florais cataláns, realizados derradeiramente en Colombia. Non o publicamos íntegro por falta de espazo, pero insertamos os seus principais fragmentos.

LIMIA R

"Si o Estado é un órgao feito polos homes, que se alonga ou estreita por mór da vontade política ou da forza violenta, i a Nación é un grupo human homoxéneo pola orixe, fala, costumes, historia e tradicións culturais, manifestadas a través do seu folklore, da súa poesía, do seu arte, dos seus xeitos de traballo e formas económicas, que crearon unha psicoloxía colectiva nunha paisaxen xeográfica: Ser Natural; é indubitabel que Galiza constitue unha perfeita e verdadeira nacionalidade".

"Ninguén pode, pois, negar a personalidade natural de Galiza, a súa fisonomía física i espiritual, que lle dá xeito i expresión de orixinalidade, aínda que, na ensarillada madeixa das definicións de Nación i Estado, xogouse e xógase con estes conceptos, misturándoos adrede para o encubrimiento de desíños ausorben-tes que sempre obedecen a ideais imperialistas".

"Disque as realidade ficando sendo realidade apesares das negacións ou afirmacións dos homes. E nós temos o exemplo da realidade galega, apesares das negacións e intencións dos homes ao servizo do Estado hespañol... Galiza fica sendo Galiza, cos seus vezos e virtudes. De pouco lle valeu aos valedores do Estado hespañol decretar a obrigatoriedade a iñorar Galiza e a denominación de galego. A resultante desta acción legal, restoulle ao Estado hespañol e a humanidade o aporte cultural do poder creativo dun povo ategado de posibilidades".

"Si dispois de catro séculos e meio de proceso de castelanización en Galiza, de loita inalterabel entre as ideais acidentaes no orde político e os conceptos fundamentais que arrican dos imponderabeis, como orixe, meio económico-social- xeográfico, o

Estado hespañol non outuvo sobor de nós máis trunfo que o de impor o "desbaraxuste" por meio de orgaismos de carácter legal pousados en abstraccións, tales como as diputacións e municipios rurales, cuxos fins afitaron sempre cara a destrución da unidade e continuidade da vida galega, parés chegado o intre de por termo a un poder hexemónico mantido de ficcións i en loita aberta coa realidade".

"Ollemos agora, coa velocidade dun lóstrego, através do viro histórico da nosa Patria. Coa axuda das investigacións derradeiras percorramos 3.000 anos de lonxanía e atopáremonos diante un povo homoxéneo: fala, tradicións, relixón e orixe nun mesmo ritmo de vida. Velai a Galiza anterga. Velai xa a nacionalidade galega de que nos falan os gregos, primeiro, e dispois, os románs, nos describiron como comunidade diferenciada no Fisterre do mundo antigo".

"Constituimos, pois, os galegos, unha auténtica e verdadeira comunidade nacional, cuxo celme insobornabel perdura ao longo de milenios, e cuxo xenio creador dun ritmo de vida orixinal, atópase através do seu xeito de ser e das suas institucións económico-sociales, dende c Gah, pasando pol-os castros e citanias, até a Parroquia, filla ésta lexítima daquelas, creada nun intre revolucionario das loitas do cristianismo contra o poder asoballador do Impero Román".

REFERENZA HISTORICA DA PARROQUIA

"Con Roma, —dinos Murguía na súa "Historia de Galiza"—, entrou a verdadeira escravitude na nosa Terra. Deica aquela data, —afirma, tamén, Vicetto, na súa "Historia de Galiza"—, os galegos constituían unha sociedade "igolitaria", descoñecendo a escravitude do home. E', pois, coa conquista de Galiza polos fillos do Tiber, zando deu comezo

a división social do noso país en homes ceibes i escravos, en donos e servos, en nobres e plebeios, que tanto aflixeu as nosas xentes".

Esténdese o autor nas suas referenzas históricas deica procurar a inababil célula orixinal como expresión do xenio inmorente dunha raza, cuxa forza atávica e xeito natural sobrepónse a todolos tempos e asoballamentos alleos, pondo termo a iste capiduo desta maneira:



"Naquele tempo histórico, o cristianismo, fuxindo das persecucións do idolicismo oficial que moraba nas cidades e vilas, refuxouse na escuridade, en contai- to co povo labrego e mariñeiro e, forxou pulo a pulo, a forza para enpurar a roda revolucionaria da redención social ao conxuro das divinas ideais de caridade, igolidade e fraternidade, que a bandeira do cristianismo significaba. E a soma do misterio, veado a clas dominante, es- tabeleceuse a organización terri-

O QUE SIGNIFICA A PARROQUIA PARA UN GALEGO

"Si collemos un diccionario enciclopédico calquera e ollamos a definición do vogabro "Parroquia", percebemos axiña que pouco ou ren teñen de común a aceición galega i a xeral.

Para unha persoa non galega — no senso racial — a verba parroquia fecha un concepto de estricteza orgaización relixiosa. Ao senti-la nomear, representásele no seu aspecto escrutivamente eclesiástico: a igrexa, o crego, a misa e todolos servizos relixiosos. Si é un creente, pensa nas suas oracións, nos seus pecados e na súa conduta moral. Para éle, a parroquia é o meio material de póse en comunicación con Deus, o rexistro das suas accións, que lle servirá no día da morte, como aval para conquistar o seu anexo de inmortalidade coa entrada no ceo. Si o que escoita a mesma verba é un indefrente no tocante a crenzas relixiosas, apresentásele a imaxe do mesmo xeito, aínda que núa da fé e unción do primeiro. Mais, sempre, sempre a ollarán através do prisma relixioso, como unha célula escrutiva da orgaización eclesiástica".

"Para un galego, a parroquia, ten un senso integral. Aínda sendo un creente, non é percisamente a imaxen relixiosa a que xurde na súa mente. Para un galego, a parroquia é, primeiro, unha expresión xeográfica, física e human da vida material i espiritual dun xuntoiro de fogares do que éle forma parte: é a comunidade de terras nun val ou nunha montana, nun chao ou nas mariñas, onde se coñecen e tratan todos; é unha porción de terreo comunicado entresi por camiños e carreiros, por corredeiras e pontellas, que éle pisou cos seus pés de neno i arranxou coas suas mans de home; é a escola i os seus recordos de crianza; é a foliada e a romería; é o prado, coas suas margaridas ledando á vizosa herba nunha mañán de xiada; é o piñeiral i a carballeira; son as veigas de millo e centeio; é a fonte i o regueiro, o río i o mar; é a vaca: a teixa ou a bermella; é a roseira da horta do veciño ou da súa; é a colleita i a esfollada, o carro chiador i a muiñada de noite... E' o veciño nemigo ou amigo... E' a lembranza das angurias e das ledicias... E' a festa patroal: a misa grande i o arrecendo a roupa nova... E' a igrexa coa súa torre, vixieira de todolos camiños e conselleira maior da comunidade social... ¡A torre da igrexa co seu campanario...! Cántas emocións...!"

"O campanario é o ritmo da vida parroquial

torial da parroquia en Galiza, sobor dos moldes orixinaes que o povo galego conservou ao longo de milleiros de anos, isto é: tendo en conta as tradicións milenarias do xenio da raza i a realidade social i económica de feito; orgaización que deica hoxe é a lareira onde pousan os verdadeiros órgaos vitais da vida galega.

Velai, pois, repetíndose no seu molde orixinal, a célula vital da orgaización do noso povo: Gah, Castro, Citania, Parroquia: RITMO CELTA".

GALIZA, NOS SEUS ASPECTOS POLITICO, ECONOMICO E SOCIAL, ATRAVES DA PARROQUIA

"O problema político dun povo arrinca da súa personalidade natural. O problema político de Galiza, pois, nasce do ceime da existencia dun conxunto de caracteres diferenciaes, i é o primeiro e fundamental dos seus problemas. Déle xurde a suma de garantías e dereitos xurídicos que fan falla para o libre desenrolo da personalidade colectiva.

Atopámonos, pois, diante o problema político de Galiza, xurdido da súa personalidade natural inconfundibel. Para encanlar iste problema cara solucións axeitadas nos seus difrentes aspectos, faise mester deitar unha ollada ao longo da acción do Estado hespañol sobor da nosa Terra".

En primeiro termo, temos que admitir con Meitzen, "que o xenio social de cada povo crea formas difrentes na súa acción

sobor a natureza". O encanlar istas accións para o seu millor aproveitamento, eisixe disposicións de acordo cos factores determinantes. Por exemplo: as leis feitas para un país de povoación concentrada e de latifundios xamais terán axeitadas aplicacións nos países de povoación espallada i estruturación minifundista. Isto que parés tan claro, aínda non entrou no miolo dos homes que mandaron e mandan — pois nunca gobernaron — no Estado hespañol".

Dispois de percorrer ao longo da acción negativa do Estado hespañol en Galiza e transcribir os conceptos encol da Parroquia Galega como Núcleo Social das máis outas autoridades na materia, entre os cuas cita a Castella, Vicente Risco, Otero Pedrayo e outros, remata iste capiduo así:

"Un povo que viveu séculos na máis completa orfandade, que sementes coñeceu a acción do Estado através dos cobradores de trabucos e de leis alleas i estranas a súa vida; un povo que tivo forza moral para permanecer igolal a sí mesmo, apesares dos poderes coercitivos que acompañaron as accións asimilistas do Estado hespañol; un povo que mantén as suas institucións orixinaes e rixe toda a súa vida moral e física por elas, é un exemplo de vitalidade. Si este povo desfoitara dunha vida ceibe, o seu poder creativo sería extraordinario".

Chama ao traballo coa primeira luz do abrente. Ao meio día soan devagariño as doce badaladas, sinal de por termo a xeira e dispoñerse a xantar arredor da lareira no inverno e debaixo da viña polo vran... O toque de oración é o fin da xornada, coroado por aturuxos e cantigas da nosa mocidade que enchen os camiños i as veigas de arrecendos a vida..."

"Polo tón das notas das campás, pónse ledo ou triste o galego. A morte dun veciño corresponde unha sinal tristeira e solene; é unha chamada a irmandade, a deixar as nosas pelexas, a perdoarnos uns aos outros, a pensar no misterio do alem... O día de festa, despértannos as campás cunha alborada de tons lixeiros e ritmo de muiñeira, que enchen todolos corazóns dun fondo sentir cósmico..."

"Ten, pois, para un galego, a verba parroquia, un sentir integral de vida material i espiritual".

"Si vades á Galiza rural ou mariñeira e lle preguntades a un galego de onde é, daravos como referencia a súa parroquia".

VEXAMOS, AGORA, A VIDA DA PARROQUIA

"Otero Pedrayo, coa súa indiscutibel autoridade, reafirma a tesis de Meitzen, respecto ao xenio social dun povo na súa acción sobor a natureza, creando típicas difrenzas. Dinos que no seu tema central é certa. Por exemplo: a maneira de povoación concentrada nos xermáns i a espallada nos celtas. Non hai dúbida algunha polo que fai a Escocia, Gales, Irlanda, Bretaña e Galiza".

"Nós, pois, somos un país povoado por aldeas, i éstas compoñen xuntoiros que se lle chaman parroquias. Hoxe xa sabemos que a parroquia ten seu orixe no primitivo clan dos celtas, moito máis vello que o cristianismo. I este xuntoiro ou agrupamento de vivendas ten o seu alicerce nun xeito sinxelo de encarar a vida económica: abundarse a sí mesmo".

"Cada fogar galego abranxe por sí só todas as actividades agrícolas e as industriaes que proveñen daquelas. Colleita nas suas leiras canto lle é mester para o seu consumo. Si os seus eidos non abundasen para encher as necesidades do seu fogar, complementaríalas coa aldea, ben por meio do seu traballo persoal en alugamento a troque de froito, arrendo verbal dalgunha leira, ou tamén por coidamento de animais. Istes tratos pousan sobor de costumes antergas, sen pa-

(Continúa na páxina 7)

Francisco Blanco

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

Av. SANTA FE 1100

U. T. 41, Plaza 0278

El Resurgir de Galicia

O doctor Vicente de Amézaga é un destacado nacionalista vasco, exilado en Montevideo. Foi conselleiro de Educación no Goberno vasco, ié presidente de Galeuzca do Uruguai, donde actúa con actividade e afervorado entusiasmo.

Orador de verba persuasiva é un admirador das nosas cousas e do noso povo que coñece ben.

Hará cosa de cinco lustros que Ortega y Gasset escribiu en su "España invertebrada" esto que sigue: "No he comprendido nunca por qué preocupa el nacionalismo afirmativo de Cataluña y Vasconia y, en cambio, no causa pavor el nihilismo nacional de Galicia..."

Pues bien, esto del nihilismo nacional gallego que allá por 1920 pudo escribirse con cierta justicia, ha dejado de ser verdad en nuestros días. Lo dejó de ser hace años y, en la actualidad, el nacionalismo afirmativo y constructor de Galicia es, como el catalán o el vasco, una gozosa realidad.

Pero ocurre que ahora que esta realidad se alza cada día más fuerte y definida a los ojos de todos; ahora que resurge el espíritu nacional gallego de su larguísimo letargo y se lanza por los caminos luminosos de la cultura gallardamente vestido de su idioma dulce y sonoro, el pavor que a Ortega causaba su decadencia parece haberse apoderado de otros espíritus, ciertamente, mucho menos amplios y filosóficos que el suyo. Y los amigos gallegos que marchan cara a los destinos multisecculares olvidados de su nacionalidad, sienten que esta su marcha fervorosa y entusiasta en pos de los más nobles ideales; este su resurgir en plena recuperación de su propio ser, es mirado con prevención, con saña y con ira por sedicentes demócratas que niegan al movimiento galleguista el agua y la sal.

Contra la afirmación galleguista vemos que son esgrimidos los más especiosos argumentos. Hay quienes parecen creer que Galicia no tiene derecho a decir su palabra porque no usó de él en cinco siglos; como si el derecho a la vida, sagrado en pueblos lo mismo que en los hombres, pudiera prescribir. Hay otros que ignoran o fingen ignorar que los gallegos cumplieron exitosamente con el requisito plebiscitario previo al Estatuto; otros, finalmente, se aferran a que este estatuto no llegó a concederse y no habiendo, por tanto, alcanzado a constituir pieza orgánica de la Carta de la República, las pretensiones autonómicas de los gallegos son inopertunas y desorbitadas.

En todos los casos y bajo todos los argumentos aparece el mismo vicio; la ignorancia o el menosprecio de las realidades naturales, raíz, en definitiva, de todos los males que vienen azotando al estado español estas últimas

centurias. En un trabajo de Pío Baroja leíamos ayer que él, liberal, estaba de acuerdo con el Papa que sostiene la doctrina de que no se hizo el hombre para el Estado sino que el Estado fué hecho para el hombre. Pues bien, esto es lo que en España ha sido siempre desconocido u olvidado. Se ha creído, pienso que sinceramente, fanáticamente, que un Estado hecho conforme al patrón y a la inspiración castellana, era una especie de ordenación divina a la que todos los súbditos, voluntarios o forzosos del mismo, debían acatamiento so pena de sacrilegio. No se paraban un momento a pensar que el Estado o no era nada o tenía que ser un organismo puesto al servicio de los individuos que lo integran; que lo integran individualmente o agrupados en pueblos que por constituir realidades naturales anteriores y superiores a dicho Estado tenían que ser respetadas y amparadas por éste. En resumen, que frente a una realidad secular, innegable e indestructible como la de la nación gallega, la Constitución no es sino un trozo de papel mojado como no sea la declaración solemne en que se recoja y se tutele eficazmente esa realidad.

Afortunadamente, pasaron los tiempos en que los gallegos pudieron mirar con un supersticioso temor a tales papeles en que se desconoce el hecho de su existencia nacional y su voluntad de persistir. Pasaron los tristes tiempos en que Pondal pudo clamar:

"A lingua tiveran — por lingua d'escravos; — Esqueceran os patrios acentos, — suidosos e brandos. — Dos propios acentos — tiveran vergonza; — de cautivos falaran palabras, — de servos e ilotas".

Pasaron aquellos tiempos y son legados estos otros de plenitud del alma gallega. Quiera Dios que ellos puedan contemplar muy pronto una estructuración de este pueblo dentro de la cual él pueda aportar al concierto universal de las naciones su acento ancestral y propio. Porque entonces no solo será Galicia la que habrá ganado; serán la Península y Europa y el mundo los enriquecidos con un auténtico valor que llega gozoso a sumarse a los valores universales con aquella generosidad e incontenible ímpetu que ponen en su afán de creación las fuerzas sagradas de la naturaleza.

Vicente de Amézaga.

Agasallo ao señor Pablo Pagés

O señor Pablo Pagés, sinificado membro da colexividade catalana de Mendoza, foi recibido e agasallado na nosa Irmandade.

O señor Pagés trouxo os saídos dos compoñentes do Casal Catalá de Mendoza e dos nosos correligionarios d-aquela cidade andiña para o Consello de Galicia e os irmandiños de Bós Aires.

Na xuntanza feita en honra ao señor Pagés, o Presidente do Consello, Dr. Castelao, os conselleiros Villaverde e Alonso Ríos, o Presidente da Comisión de Fa-

A PARROQUIA GALEGA COMO NUCLEO SOCIAL

(Ven da páxina 6)

peis nen esroñans, nen outro código que non sexa a conciencia, e cúmprese relixiosamente. Para realizar a labouira en tempo de ceifa, que require certa cantidade de aparellos e man de obra, tal como a sementeira, colleita, malla ou esfolla, a carretada de molime ou de leña, o arranxo da vivenda, etc., a aldea traballa en común; e tense como unha obriga para aqueles veciños que non ha mester de tales servizos".

Dispois de describirmos como a aldea fabrica o seu pan, tece os seus liños, fai a sua augardente, os seus queixos e manteiga, construe o seu arsenal de aparellos, instrumentos e ferramentas, remata deste xeito:

"E, derradeiramente, tamén a aldea construe as suas vivendas, na maior parte en pedra labrada e madeira traballada polos famosos canteiros e carpinteiros, herdeiros daqueles que deixaron probas afeito da sua sensibilidade artística e racial nos cruceiros ao longo dos camiños e nos pazos e igrexas da nosa Terra".

"Mais, así como a aldea é a célula social-económica da parroquia, ésta é a comunidade espiritual que rixe a vida colectiva e societaria dos nosos campesiños e mariñeiros. E' no adro da igrexa, sempre ergueito nun castro dos nosos antepasados, ponto onde converxen camiños, carreiros e corredoiras, o lugar de axuntamento, os domingos polas mañáns, de todos os veciños da parroquia para falar das suas cousas. A veira da igrexa ou perto, eisiste en cuasi todas as pa-

rroquias unha sociedade agraria, na que a nosa xente delibera encol das orrentacións e necesidades da vida colectiva nos seus diferentes aspectos. Pero sempre é a igrexa, coa sua torre, seu cimiterio, adro e lisario o ponto de refrenza do late-xar colectivo, "onde se desfroita a delicia das festas e a tristura dos enterros".

Demóstranos o autor deste traballo como nasceron e se desenrolaron as sociedades agrarias e quaes os fins que afitan, tendo por eixo iste gran movemento societario gallego a orgaización parroquial, o que pon de manifesto a constante histórica do xenio racial, e fina o seu traballo co seguinte parágrafo:

"A Parroquia en Galiza — Galiza é campo e mar, pois sementes unha sexta parte da sua povoación vive nas cidades e vive da economía do campo —, non é unha espresión eclesiástica para sinificar unha división relixiosa, nen un rexistro de almas con fins para o alem... Non é tampouco a igrexa nos seus intereses, tanto espirituales como materiais, a nosa Parroquia".

